



## PLAN DE CONTINXENCIA

A fin de garantir a continuidade do proceso educativo, **en caso de que a situación sanitaria impida o ensino presencial, pasaremos ao modo de ensino on line** seguindo estas pautas:

### 1. COMUNICACIÓN DO PASO AO ENSINO ON LINE

O **paso a actividade on line** será comunicado por Dirección

- Ás familias e alumnado, a través da WEB, o ABALAR e as TITORÍAS
- Ao profesorado, mediante o correo corporativo e calquera outra canle

O eixo central da actividade será a AULA VIRTUAL (AV), a que se accede dende a WEB. O profesorado concretará na súa AV as vías de acceso á docencia telemática e calquera outro mecanismo de comunicación que estableza. Tamén colgará e recibirá nelas o material de traballo.

### 2. HORARIO LECTIVO

**Mantense o horario lectivo establecido** para cada grupo no modo presencial, reducíndose a duración das sesións a uns 35 minutos para facilitar a conectividade.

As familias poderán comunicarse co docente na **hora de recepción** de pais e nais (RPN) establecida no horario. Amais, cada docente fixará unha hora de titoría fora da franxa horaria habitual (mañá ou tarde) aberta a todo o seu alumnado que o precise. Ámbalas dúas horas (Titoría e RPN) e o medio de contacto serán especificadas na AV e figurarán na WEB

### 3. RECURSOS TIC

O Centro ten elaborado, a través da Plataforma de Ensino On Line (PEON), un censo TIC no que se recollen as necesidades de conectividade e equipamento.

Entrando na situación de confinamento, o Centro tentará cubrir as necesidades mais urxentes. Despois comunicará a Inspección as necesidades prioritizadas de equipos que queden sen cubrir, xestionando a entrega e recollida do material que facilite AMTEGA

### 4. OBRIGAS DO ALUMNADO

O alumnado está obrigado a participar nas clases con aproveitamento e a cumprir as normas habituais de asistencia e convivencia

### 5. SEGUIMIENTO DO PROFESORADO

O profesorado levará un rexistro diario da actividade telemática mediante un documento oficial de obrigada elaboración xestionado pola Xefatura de Estudos. Controlará decotío a asistencia do alumnado a través dos medios habituais. O protocolo de absentismo seguirá vixente.

### 6. SIMULACIÓNS

Os ensaios e simulacións de acceso a AV serán reiterados cada trimestre.

### 7. COMUNICACIÓN PÚBLICA

Estes protocolos de actuación en caso de peche serán publicados na WEB para que podan ser coñecidos e mellorados pola comunidade educativa